



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Conversa en portugués

CONVOCATORIA: IDIOMAS, convocatoria

GRUPO: Portal de Idiomas

ÁREA: Portal de idiomas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	50
-----------------------	----------------	--------------	---------------	---------------	----

ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2026
------------------------	-------------	----------------	-----------	-------------	------

MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1
-------------------------	------------	-------------------	-------	------------------	---

DATA MATRÍCULA: Do 12/02/2026 - 09:00h ao 18/02/2026 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

NOTAS IMPORTANTES!

- O número máximo de actividades de formación continua, en materia de idiomas, que se pode solicitar límitase a tres (3)
- A proba de nivel dos cursos presenciais realizarase con anterioridade ao comezo da actividade, co fin de que a persoa docente coñeza o seu nivel lingüístico, e poida formar un grupo homoxéneo, e completar o proceso de selección.
- As persoas preseleccionadas recibirán un correo electrónico indicando día, hora e lugar (localidade da edición solicitada). De recibir esta notificación, e non quere presentarse á proba de nivel nin realizar o curso solicítase que nos remita comunicación de que desiste da súa solicitude.

Curso presencial orientado á práctica da conversa en lingua portuguesa, dirixido a falantes de galego con coñecementos previos de portugués. O curso céntrase no desenvolvemento da fluidez oral, corrección gramatical, fonética e a adecuación pragmática en situacións reais da vida cotiá e do ámbito profesional.

Traballarase a comprensión e produción oral a partir de diálogos, textos breves, audios e materiais auténticos, facendo especial fincapé nas interferencias habituais entre galego e portugués. Introduciranse referencias aos exames do CAPLE como marco orientativo, sen carácter certificador.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; das entidades locais; da Administración de xustiza e persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), con coñecementos de lingua portuguesa.

PROGRAMA

- Práctica guiada de conversa en portugués europeo en contextos formais e informais.
- Contidos comunicativos, lingüísticos, fonéticos e gramaticais adaptados a falantes de galego.
- Uso e corrección das vogais e consoantes nasais.
- Uso de preposicións en contraste galego-portugués.
- Repaso e consolidación dos principais tempos verbais de nivel básico – intermedio
- Pronomes complemento e colocación pronominal.
- Identificación e corrección de interferencias frecuentes entre ambas linguas.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).
De ser necesario farase unha proba de nivel oral presencial na EGAP, con anterioridade ao inicio do curso, co obxecto de seleccionar un grupo homoxéneo.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 10/09/2026 a 03/12/2026

NUM. PRAZAS: 15

ESTADO: NORMAL - (SELECCIÓN DISP.)

DATA EXAME: 03/12/2026 ás 20:00h

DOCENTES NOMEADOS

LORCA INSTITUTE, SC

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

SEMINARIO B: Os días 10, 15, 17, 22, 24 e 29 de setembro de 16:30 a 18:29. Os días 01, 06, 08, 13, 15, 20, 22, 27 e 29 de outubro de 16:30 a 18:29. Os días 03, 05, 10, 12, 17, 19, 24 e 26 de novembro de 16:30 a 18:29. Os días 01 e 03 de decembro de 16:30 a 18:29. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA